

## PREGUNTAS

1. ¿Que opina Vostede que neste desfile do antroido cun vehículo municipal, conducido por un empregado do concello, onde a copiloto era a nai do Alcalde se estean a repartir panfletos políticos con lemas como “A Sanidade non se vende”? ¿Parcelle a Vostede normal?
2. ¿Construe o Concello un muro de pedra no lugar da Aboi en San Andrés? ¿Existe proxecto? ¿Retranqueouse o valo para facer as cesións que establece a normativa urbanística?
3. ¿Como pode Vostede explicar que no cruce da rúa San Roque con Avda. Dolores Mosquera exista unha fuga de auga reiterada e cada vez que se repara xa non se repón o firme, simplemente se votaselle Xabre?
4. ¿Que explicación ten que se estean a eliminar todas as prazas de aparcamento no contorna da capela de San Roque? ¿Consensuase esta medida cos veciños?
5. ¿Porque está parada a obra do saneamento entre o cuartel da Garda Civil e o alto do Pazo?
6. Reiteramoslle unha vez mais, empeza a tempada de peregrinos e os veciños precisas acceso digno as súas casas ¿Cando pensa Vostede repoñer o firme a pista dende o alto do Pazo ata a fonte dos catro canos?
7. ¿Podenos indicar onde están as pedras que sobraron da reforma da rúa Real? ¿E os bancos?
8. ¿Cando pensan vostedes deixar en perfecto estado o burato que se fixo para reparar un avería de fecales na rúa Sarnadela?
9. Voltamos a reiterar ¿Cando se vai a solucionar o grave problema de cheiros nocentos no tramo reformado da rúa Real?
10. ¿Teñen algunha previsión para dotar de saneamento o lugar de A Grela e a parte de Aboi que falta en San Andrés?
11. ¿Sabe Vostede a razón pola que está paralizado un tramo do soterramento da LAT no lugar de A Canle?
12. Despois da visita dos veciños de Godos no anterior Pleno ¿Fíxose algún informe técnico para facer a obra da Volta da Pedra? ¿Ten alguha previsión de execución?
13. ¿Dispón Vostede dos permisos oportunos para captar auga termal directamente na arqueta anterior a fonte termal e para instalar os tubos nas bocas dos leóns e con elo reducir o caudal verquido?

## ROGOS

1. Que se coloque un espello na Avenida Doña Urraca por onde saen os coches da finca municipal, da oficina agraria comarcal e da escola de música.
2. Que se consensúe cos veciños de Outeiro a maneira de minorar a velocidade de paso dos vehículos

pola estrada que pasa por diante das casas.

3. Reiteramos, se repare o firme de xabre do aparcadoiro público da Tafona.
4. Se proceda a dotar dunha capa de rodadura, mediante asfaltado en quente, entre outras moitas, na rúa Carballas, Padres Pasionistas e A Pena.